



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Educación

Bases para a implementación e desenvolvemento de proxectos de innovación educativa-Arteixo Innovación

BASES REGULADORAS PARA A IMPLEMENTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA-ARTEIXO INNOVACIÓN

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 30 de outubro de 2025, acordou, entre outros, a aprobación das Bases Reguladoras para a implementación e desenvolvemento de proxectos de innovación educativa-Arteixo Innovación.

Dando cumprimento ao acordo plenario, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases están expostas no taboleiro de anuncios municipal.

Arteixo, 1 de decembro de 2025

(Por delegación, Decreto número 1243/2025 de 8 de maio de 2025)

Asinado:

Inés Ramos Álvarez – Concelleira de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación

BASES PARA A IMPLEMENTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA-ARTEIXO INNOVACIÓN

ÍNDICE

- 1.- Finalidade e obxecto
- 2.- Entidades beneficiarias. Requisitos
- 3.- Partida económica e crédito orzamentario
- 4.- Tramitación e documentación de solicitude
- 5.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes
- 6.- Obrigas das entidades beneficiarias
- 7.- Comisión avaliadora
- 8.- Gastos subvencionables
- 9.- Procedemento de concesión con órganos competentes
- 10.- Notificación e publicidade
- 11.- Reformulación das solicitudes
- 12.- Xustificación
- 13.- Fiscalización, aprobación e pago
- 14.- Compatibilidade
- 15.- Reintegro
- 16.- Infraccións e sancións
- 17.- Criterios para a concesión das subvencións

1.- Finalidade e obxecto

No ano 2002 a Fundación Amancio Ortega iniciou o denominado “Proxecto Ponte dos Brozos” co obxectivo de implementar proxectos innovadores para a implantación das TIC no ensino a través dun convenio establecido coa Consellería de

Educación. Nese momento, a FAO incorporou un único centro do termo municipal de Arteixo como centro piloto que intervéñ nunha iniciativa promovida por unha entidade sen ánimo de lucro co apoio da administración.

Ainda que durante este período o Concello participou na financiación do proxecto, foi no ano 2012 cando o Concello de Arteixo asumiu o 100% da xestión do proxecto a través de distintas liñas de financiación aos centros para o mantemento e a dotación de novos recursos tecnolóxicos.

Esta iniciativa tivo unha evolución positiva, o que implicou que se considerase importante a continuidade da liña de subvencións coa incorporación de todos os centros do termo municipal para unha maior repercusión entre o alumnado. Así, cada centro asumía a autoxestión da iniciativa no seu ámbito para, deste xeito, adecuar a infraestrutura tecnolóxica e o mantemento das mesmas ás necesidades específicas do centro educativo.

Como medida de fomento doutras alternativas de proxectos educativos innovadores que non redunden só no uso da tecnoloxía como medio de innovación, amplíase o obxecto das liñas de subvención.

As presentes bases constitúen unha liña de actuación que ten como finalidade regular as axudas, na modalidade de concorrência competitiva, dirixidas aos centros de ensino públicos do termo municipal de Arteixo e irán destinadas a cubrir os gastos de implementación e desenvolvemento dun proxecto de innovación educativa que sexan necesarios para conseguir os obxectivos concretos de coñecementos, capacidades, destrezas e habilidades definidas no proxecto de innovación, no que se engloban accións relativas ao asesoramento e formación sobre ferramentas, metodoloxía e recursos educativos tecnolóxicos e non tecnolóxicos para a innovación.

Todas estas accións deberán estar enmarcadas dentro das seguintes liñas que se queren fomentar e sobre as que poidan crear e propoñer os proxectos:

- Proxectos específicos para o alumnado con necesidades educativas especiais e con vulnerabilidade educativa.
- Educación para a sustentabilidade
- Investigación, ciencia e tecnoloxía
- Cultura e comunidade
- Resolución de problemas comunitarios
- Música e artes
- Intelixencia emocional e habilidades sociais
- Solución de problemas de aprendizaxe concretos
- Hábitos saudables
- Resolución de problemas na aula (Bullying)
- Programas de mentoring
- Natureza
- Patios vivos
- Calquera outra liña que se axuste á finalidade e obxecto das presentes bases

O período subvencionable será o establecido en cada convocatoria e con cargo ao Orzamento do Concello de Arteixo estipulado para cada exercicio.

2.- Entidades beneficiarias. Requisitos

Centros de ensino públicos de todos niveis educativos obrigatorios e non obrigatorios, ubicados no termo municipal de Arteixo, con ensino reglado, que cumpran os seguintes requisitos especificados na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvención municipais:

- a) Ter a condición de entidade beneficiaria para realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención.
- b) Atoparse na situación que fundamente a concesión de subvención.
- c) Estar ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias (Estado, CCAA, Deputación Provincial, Concello de Arteixo e organismos relacionados) e coa Seguridade Social.
- d) Estar ao corrente no pago de obrigas de reintegro de subvencións.
- e) Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiarios de subvencións, para o que se lles esixirá unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do referido artigo 10 da Lei 9/2007.

3.- Partida económica e crédito orzamentario

Será a consignada anualmente no orzamento municipal para cada programa. En todo caso, o límite sempre será o esgotamento da partida presupostaria.

4.- Tramitación e documentación de solicitude

O procedemento e réxime destas subvencións tramitarase en réxime de concurrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo Concello de Arteixo e eficiencia na asignación e na utilización de recursos públicos.

As solicitudes formularanse en fases:

- 1) Fase I: solicitude de inscrición
- 2) Fase II: presentación do proxecto educativo
- 3) Fase III: xustificación da execución do proxecto educativo

Os prazos de solicitude, presentación e xustificación serán os definidos en cada convocatoria.

As solicitudes presentaranse a través dos modelos e declaracións definidas en cada unha das fases a través do Rexistro Xeral (central ou auxiliares), a través da sede electrónica municipal ou en calquera dos lugares ou rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Calquera defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación terá que ser subsanado no prazo de dez días dende a recepción do requirimento en aplicación do contido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, previa comunicación deste feito no enderezo electrónico facilitado pola entidade solicitante.

A concesión da subvención virá determinada pola puntuación acadada unha vez aplicados os criterios definidos nas presentes bases. En todo caso, o pagamento realizarase en dous prazos:

- 1º prazo: 80% da contía total concedida unha vez aprobada a concesión polo órgano con competencia na material
- 2º prazo: 20% da contía total concedida, previa aprobación da conta xustificativa. No caso de que a contía total xustificada sexa inferior á concedida, efectuarase o reaxuste neste prazo, aplicándose coeficiente de financiamento segundo a porcentaxe de subvención concedida.

Debido ás características das entidades beneficiarias das presentes subvencións, estas quedan exoneradas da constitución de garantía.

Para os efectos de xustificación das subvencións aplicarase o coeficiente de financiamento (cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do presuposto calculado de gastos). O presuposto subvencionado a xustificar (cantidade que hai que xustificar para cobrar a subvención) é o resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

No caso de que o centro subvencionado solicite cambio no obxecto da subvención, poderanse aplicar reaxustes na concesión inicial. Se ditos cambios provocan un presuposto superior ou igual ao presuposto inicial, manterase o coeficiente de financiamento, o importe da subvención e o presuposto subvencionado; se o presuposto é inferior ao inicial, deberá determinarse un novo coeficiente de financiamento, novo importe e novo presuposto subvencionado, que serán inferiores ao inicialmente establecido.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Concellaría responsable da xestión das axudas reguladas nestas bases publicará na Base Nacional de Subvencións a relación de entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. A tal efecto, a presentación de solicitude de subvención leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos.

5.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello (central ou auxiliares), na sede electrónica do Concello ou a través de calquera das formas establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo que se estableza na correspondente convocatoria anual.

6.- Obrigas das entidades beneficiarias

- Participar nas sesións de consultoría que se celebrarán periodicamente en cada convocatoria de xeito activo.
- As entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas en prohibición para ser beneficiario de subvención, para o que

se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do referido artigo 10 da Lei 9/2007.

- Realizar a actividade subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa municipal.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Dar a axeitada publicidade ao financiamento municipal do obxecto subvencionado en calquera evento ou actividade relacionada coa entidade (dípticos, carteis, impresos, anuncios, placas, soportes electrónicos e audiovisuais) e informar ao público e á comunidade educativa da financiación municipal para os proxectos obxecto das subvencións, coa colocación en lugar destacado e visible (por exemplo, na entrada do centro) dunha placa de metacrilato de tamaño mínimo A4 que incluíra os anagramas que desde o Concello se indiquen. Este cartel permanecerá durante un período de 5 anos no mesmo lugar.
- Colaborar cos distintos departamentos municipais nos actos para os que sexan requeridos
- Someterse a actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercizo das actuacións anteriores.

7.- Comisión avaliadora

A valoración das solicitudes e documentación achegada será realizada por unha Comisión Avaliadora, formada por:

- Dous técnicos/as municipais do departamento xestor ou doutros departamentos se así se considera, en función das liñas sobre as que versen os proxectos.
- O/a Concelleiro/a da área xestora ou persoa na que delegue.

8.- Gastos subvencionables

Son aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido na correspondente convocatoria. Deberá acreditarse no correspondente xustificante de gasto, que este está directamente relacionado co obxecto da subvención.

Considerarase gasto realizado aquel que estea efectivamente pagado con anterioridade ao remate da data de vixencia que se especifique na convocatoria.

9.- Procedemento de concesión con órganos competentes

Para a tramitación das subvencións aplicase o procedemento estipulado na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións municipais e, supletoriamente, o que indica a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O procedemento definido na Ordenanza municipal é o seguinte:

- Aprobación das bases polo Pleno Municipal.
- Publicación das bases no BOP
- Aprobación da convocatoria anual polo órgano municipal con competencias na materia.
- Publicación da convocatoria no BOP coa concreción do prazo de presentación de solicitudes.
- Valoración de solicitudes e elevación de proposta ao órgano municipal competente para a súa concesión.

10.- Notificación e publicidade

O acordo de concesión, deberase notificar expresamente a todos os solicitantes no prazo máximo de 2 meses, contados a partir da data de resolución e será exposto ao público nos taboleiros de anuncios do Concello.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

11.- Reformulación das solicitudes

A reformulación das solicitudes realízase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ao solicitado polo beneficiario, o presuposto subvencionado que deberá ser xustificado posteriormente, determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento proposto polo beneficiario.

12.- Xustificación

Para o cobro da subvención as entidades deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica unha conta xustificativa simplificada (segundo modelos) co seguinte contido:

- a) MEMORIA DE ACTUACIÓN XUSTIFICATIVA, do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

- b) MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA do gasto realizado. Virá acompañada de facturas ou documentos probatorios. Con cada unha das facturas achegarase xustificante bancario de transferencia que acredite o pago ao proveedor, no que se indicará o beneficiario, número de factura que se paga e importe abonado contra a conta operativa da que é titular a entidade beneficiaria.
- c) Tres presupostos ou ofertas, solicitadas con carácter previo á contratación, para gastos que superen os 6.000,00 €. A elección entre as ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis ventaxosa.
- d) Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda do Estado, coa Xunta de Galicia, coa Deputación Provincial e co Concello de Arteixo, ou autorizacións para a súa obtención cando sexa posible.
- e) Relación doutras axudas ou subvencións recibidas para a mesma finalidade, indicando o importe e a procedencia ou, no seu caso, declaración de que no se obtivo ningunha outra axuda para o mesmo fin.
- f) Declaración de ter cumprida a finalidade para a que foi concedida a axuda.
- g) Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Concello de Arteixo en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito e no equipamento que estea vinculado ao obxecto desta subvención.

O prazo para presentar a conta xustificativa rematará na data especificada na correspondente convocatoria anual.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que o interesado atenda o requerimento, entenderase que desiste da súa petición, ditándose resolución que deberá ser notificada ao beneficiario.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100% do presuposto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% e, alomenos do 25% do presuposto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 25% do presuposto subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, co que non se aboará ningunha cantidade.

13.- Fiscalización, aprobación e pago

As contas xustificativas serán recabadas polo departamento xestor das subvencións. Elaborarase informe técnico que se remitirá á Intervención para a fiscalización do expediente, previo ao acordo de concesión, que será adoptado polo órgano municipal con competencias na materia, que aprobará a ordeación do pago cando proceda.

14.- Compatibilidade

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso, o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada pola entidade beneficiaria.

15.- Reintegro

Procederá o reintegro dos anticipos ou cantidades percibidas en concepto de subvención nos seguintes casos:

- a) Cando o importe da subvención anticipada supere ao gasto efectivamente realizado.
- b) Cando se incumplan as condicións que deron lugar á obtención da subvención.
- c) Cando se incumpra a obriga de xustificación.

Nos casos b) e c) o procedemento iniciarase mediante acordo inicial do órgano municipal con competencias na materia, no que se indicará a causa, as obrigas incumpridas e o importe da subvención concedido.

O acordo notificarase á entidade/persoa beneficiaria que terá un prazo de 15 días para presentar alegacións. No caso de que se formulen, emitirase informe polo departamento de Intervención, previa adopción do acordo definitivo de reintegro por parte do órgano municipal con competencias na materia. En caso contrario, transcorridos os 15 días, entenderase firme o acordo inicial de reintegro, debendo notificarlle ao interesado para que realice o ingreso no prazo e forma que establece o RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

16.- infraccións e sancións

Vencido o prazo de xustificación ou, no seu caso, a prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, o departamento xestor, requirirá unha única vez para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a súa notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a renuncia á subvención outorgada, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións e demais normativa concordante.

A presentación da documentación neste prazo excepcional, non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda: 10% do importe da subvención cun límite de 250 €

Aplicarase a compensación para o cobro da sanción, agás que a entidade sancionada presente a oposición á sanción ata que se resolva o recurso.

Os/as beneficiarios/as das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa concordante.

17.- Criterios para a concesión das subvencións

Os proxectos achegados para a solicitude da subvención para a correspondente convocatoria siguen o modelo aprobado en cada convocatoria.

Os proxectos deben cumprir con éxito todos os apartados e acadar un mínimo de puntuación especificado:

1) Definición do proxecto de innovación educativa:

- Definición concreta do proxecto. (Ata 1 punto)
- Descrición do proxecto cos seus antecedentes e orixes (Ata 3 puntos)
- Temporalidade (Ata 2 puntos)
- Alumnado destinatario (Ata 2 puntos)
- Profesorado (Ata 2 puntos)

PUNTUACIÓN : 10 puntos máximo.

PUNTUACIÓN MÍNIMA ESIXIDA: 10 puntos

2) Desenvolvemento do proxecto de innovación educativa:

- Necesidades concretas que cubre o proxecto e xustificación da súa elección. (Ata 10 puntos)
- Innovación do proxecto que o fai diferente e innovador. (Ata 10 puntos)
 - Obxectivos educativos (Ata 10 puntos):
 - Obxectivos pedagóxicos globais do proxecto
 - Competencias persoais concretas
 - Contenidos académicos concretos
 - Asignaturas implicadas e temario
 - Valores asociados.

PUNTUACIÓN : 30 puntos máximo.

PUNTUACIÓN MÍNIMA ESIXIDA: 15 puntos

3) Accións, obxectivos, medición e planificación do proxecto:

- Obxectivos (Ata 10 puntos)
- Accións (Ata 10 puntos)
- Planificación (Ata 5 puntos)
- Medición (Ata 5 puntos)

PUNTUACIÓN : 30 puntos máximo.

PUNTUACIÓN MÍNIMA ESIXIDA: 15 puntos

4) Recursos necesarios e presuposto de execución do proxecto de innovación educativa:

- Recursos Humanos (Ata 1 punto)

- Recursos materiais (Ata 1 punto)
- Planificación (Ata 4 puntos)
- Medición (Ata 4 puntos)

PUNTUACIÓN : 10 puntos máximo.

PUNTUACIÓN MÍNIMA ESIXIDA: 5 puntos

5) Comunicación e difusión do proxecto de innovación educativa:

- Accións (Ata 3 puntos)
- Medios a utilizar (Ata 3 puntos)
- Alcance (Ata 4 puntos)

PUNTUACIÓN : 10 puntos máximo.

PUNTUACIÓN MÍNIMA ESIXIDA: 5 puntos

6) Grado de apertura do proxecto de innovación educativa:

- Axentes implicados (Ata 4 puntos)
- Accións (Ata 3 puntos)
- Obxectivos (Ata 3 puntos)

PUNTUACIÓN : 10 puntos máximo.

PUNTUACIÓN MÍNIMA ESIXIDA: 5 puntos

A descrición do alumnado e profesorado participante nesta liña de subvencións debe vir diferenciada por sexo.

Segundo a puntuación acadada, a porcentaxe de subvención a aplicar sobre o orzamento proposto pola entidade, sempre e cando exista crédito orzamentario suficiente, será a seguinte:

PUNTUACIÓN OBTIDA	PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN SOBRE O PRESUPOSTO TOTAL
90-100	80 %
70-89	70%
59-69	60%
55-58	50%
Inferior a 55 puntos	Non se considera que se cumpriu o obxecto da subvención: 0%

No caso de que o crédito orzamentario non sexa suficiente para aplicar estas porcentaxes de subvención, estas minoraranse proporcionalmente.

Para as casuísticas non previstas nas presentes bases, aplicarase o estipulado na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións municipais e demais normativa concordante.

2025/8082